

LETRAS GALEGAS

2010

Dende que se comezou a celebrar esta efeméride (17 de maio de 1963) cuxa primeira escritora homenaxeada foi Rosalía de Castro, coa obra "CANTARES GALEGOS", que marcaría o inicio do rexurdimento cultural da lingua.

Este ano adicaselle a UXÍO NOVONEYRA, denominado "O POETA DO COUREL.

Neste Centro levamos a cabo varias actividades perante todo o mes de maio. Podemos destacar:

-Lectura, comentario... da biografía de Novoneyra, aproveitando para traballar os contidos de Lingua Galega que tiñamos programados para este mes.

-Unha vez expostos os carteis da vida e obra de Uxío (en lugares comúns do Centro, para poder acceder todo o alumnado) ; en varias sesións, baixamos en pequenos grupos observar as láminas que facían alusión, tanto á vida como á obra do autor, comentando cada unha delas.



-Tamén nos proxectaron vídeos da vida, da obra, da familia, do entorno sociocultural e, evidentemente, do entorno natural no que naceu, viviu a infancia; pasou unha enfermidade grave (pleuresía) perante un ano. Lugar ao que, en canto tiña oportunidade, visitaba, pasando longas temporadas (coa súa familia, cos compañeiros/as, coa súa grande amiga

e persoa admirada "M^a Mariño Carou, á que lle adicou algunha obra coma: ELEXÍA PREVIA A M^a MARINO). "Estoute vendo aínda..."



MARIA MARINO




Como podeades imaxinar, estamos a falar do "SEU COUREL" lugar no que descansa o seu corpo pois, anque o seu pasamento foi en Santiago, os restos descansan no Courel.

-Fixemos varios murais (dentro o fóra) do edificio do Centro, con fotos de Uxío: das súas obras...escribindo cada un de nós un texto alusivo ao debuxo ou foto e, facendo fincapé naquilo máis destacado.



Todas estas actividades resultaron moi interesantes, pero a que máis nos gustou foron os vídeos, xa que puidemos contemplar as fermosas terras do Courel (comentando a flora e a fauna...), escoitamos a poderosa e medio ronca voz de Uxío, recitando os seus poemas, falando coas súas xentes, dando conferencias en diversos lugares. Tamén escoitamos poemas do autor, na voz de Emilio Cao...


Courel dos seus cumes que ofan de lonxe!
Esqui sítense ben o pouco que é un home...



CALENDARIO UXIO NOVONEVRA
2010

6ºB

En definitiva, sentímonos ledos por ter a oportunidade de coñecer á xa desaparecida persoa que tanto fixo por Galiza e que nos deixou moi xoven; aos 69 anos claro que, só nos deixou fisicamente pois, a súa obra e a súa persoa sempre perdurarán.



**“CANTA O CUCO CALA E CANTA
PASA O TEMPO E NON DI NADA
NOS CASTIÑEIROS DO VAL
E VOLTA O CUCO A CANTAR.”**
Uxío Novoneyra, “OS EIDOS” 1955

**“A FALA É O ÚNICO SITIO ONDE SEGUEN VIVOS OS
ANTEPASADOS, A ÚNICA FORMA AUDIBLE DE
SUPERVIVENCIA...”**

Uxío Novoneyra “DOS SOÑOS TEIMOSOS” 1998



PASAMENTO DE UXÍO NOVONEIRA
NO 1999, A COMPAÑADO POR OS AMIGOS
(MANOEL MA, BEIRAS ...)